

ACTA COORDINADORA 06 ABRIL 2017

Sendo as 19:00 horas do día seis de abril de 2017, reúnese a Coordinadora de En Marea en Compostela.

Asistentes: Luis Villares, Vitoria Esteban, Elena Cores, Alfonso Diz, Ana Seijas , Mario López, Iria , Esther Duro, Gonzalo , Sara Torreiro, Chelo Martínez.

Desculpa asistencia: Antón Gómez-Reino.

1. Regulamento interno

Acórdase traballar nunha proposta de regulamento interno para aprobar na seguinte xuntanza.

2. Traspaso poderes á nova Coordinadora

Acórdase dirixirse á coordinadora saínte e ás persoas que tiveron responsabilidades na xestión anterior para solicitar a documentación así como contas de redes sociais, contas e servidores.

3. Convocatoria Comisión de Garantías

Acórdase dirixirse aos membros e convocar a Comisión de Garantías para o día 20 de abril ás 19:00 horas.

4. Transparencia. Recopilación e publicación de documentos estatutarios, políticos e actas.

Trasladarase ao Consello, tras o estudo de varias propostas, unha alternativa para un portal novo máis eficaz para as actividades de En Marea e os seus organismos.

Acórdase a publicación de documentos, programas e actas.

5. Carta financeira. Proposta desenvolvemento regulamentario

Acordase elaborar unha carta financeira para remitir ao Consello para o seu debate e, se procede, aprobación

6. Organicidade. Territorialización. Traballo sectorial.

Acórdase traballar no desenvolvemento da territorialización previsto nos estatutos, así como botar a andar o traballo sectorial. Elaborarase unha proposta que será remitida ao Consello para o seu debate

7. Varios

Destácase a necesidade de desenvolver unha imaxe corporativa.

Acórdase propoñer o nomeamento como viceportavoces ás compañeiras Ana Seijas e Vitoria Esteban.

Informa Esther da situación do local.

Informa Alfonso da existencia de persoas que aínda non cobraron o traballo que fixeron para EM na campaña electoral.